



SINDICATO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE
PONTEVEDRA.
CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

COUSAS .
MARZO 2008

Cousas

As Comisións de Servizo

A Xunta de Persoal ven de decidir na súa última reunión abordar a problemática asociada ás Comisións de Servizo, como primeiro paso farase unha posta en común das posicións de cada unha das organizacións sindicais con representación sobre este tema. O Sindicato de Administración Pública da CGT quere facer pública cal será a nosa postura nesa posta en común.

En primeiro lugar, en contra da opinión doutros sindicatos, a CGT pensa que teñen que cubrirse todas as prazas susceptibles de ser ocupadas en Comisión de Servizo. O que é indispensable é un sistema transparente para a súa concesión.

De todos é coñecido que nunha alta porcentaxe a concesión das comisións de servizo rixénse por criterios totalmente subxectivos onde prima por riba de

todos o intercambio de favores e as posturas clientelares. Isto é posible grazas ao escurantismo que rodea a este mecanismo: non existe publicidade, nin control, nin criterios obxectivos para a súa concesión. Polo tanto, para solventar esta situación e dotar de xustiza a este procedemento, é imprescindible a transparencia, o control e a regulamentación dos criterios polos que se pode acceder a unha praza en comisión de servizos.

Criterios.-

Dende o noso punto de vista as comisións de servizo débense regulamentar dun xeito obxectivo, ao igual que os concursos. Así propomos que os criterios de avaliación sexan, por exemplo:

1º criterio.- Deberán ter preferencia á hora de acceder a unha comisión os funcionarios/as da

delegación ao que esté adscrita a praza a ocupar.

2º criterio.- A antigüidade téndose en conta os servizos prestados noutras administracións. Estamos pensando nos dereitos dos funcionarios transferidos (SERGAS, INEM..).

3º criterio.- O coñecemento do traballo a desenvolver.

4º. criterio.- Os coñecementos (xenéricos) agreditados mediante cursos de formación.

Publicidade.-

As prazas vacantes a cubrir por comisión de servizo deberán (continúa da pax. seguinte)

ser públicas e como tal deberase publicar un listado por delegación de cada unha delas para todos e todas poidamos ter acceso a súa petición.

Control.-

Cada Delegación debería informar á Xunta de Persoal das prazas ocupadas por comisión de servi-

Consolidando, consolidando, é ao resto que nos vaian dando

O resto do que falamos son os que están dentro, os que levan vinte anos sen poderse promocionar, sen cambiar de nivel, sen incentivos.

A CGT xa espoñeu, cando se ía aprobar a modificación da Lei da Función Pública de Galicia, que se definise o *concurso-oposición* como un "sistema normal" de acceso á función pública. Para nós, este debe ser un sistema extraordinario, para impedir, precisamente, que servise de coladeira para tanto chanchullo que se ten feito en materia de persoal. Pois ben, xa o temos: un proceso de consolidación de emprego polo sistema de concurso-oposición no que interinos, laborais irregulares e outros colectivos poderán "normalizar" a súa situación. Os sindicatos representativos na Xunta levan meses negociando o asunto e pronto sairá adiante. E que conste que non nos opoñemos a que haxa concursos-oposicións; opoñémonos a que se fagan cos criterios preconcebidos de facilitar absolutamente o acceso aos implicados sen un nivel mínimo de esixencia. Cando saian os baremos, saberémolo.

zos, das características destas prazas e da duración da comisión (que en ningún caso podería superar un ano prorrogable por outro). A concesión das prazas en comisión debe facer por parte dunha comisión paritaria entre a administración e os representantes dos traballado-

res/as para asegurar a transparencia de todo o proceso.

Un novo talante: Os representantes das e dos traballadores ninguneados.

Recentemente a Xunta de Persoal da Provincia de Pontevedra ben de so-

licitar dúas reunións tanto coa Delegada de Presidencia como co Delegado de Educación, os motivos da solicitude destas entrevistas é, respectivamente, tratar as posibles deficiencias que se podan producir no novo Edificio Administrativo de Pontevedra, e problemática que ano tras ano se está a dar

nos centros educativos, tanto institutos como escolas oficiais de idiomas relacionados, fundamentalmente coas funcións e horarios do persoal non docente. A resposta, a niveis prácticos, en ámbolos dous casos foi a negativa as reunións solicitadas. No caso da Delegada da Presidencia parece que o período electoral lle orixinou un traballo (¿?) extra que lle impide recibir aos representantes dos traballadores e traballadoras, en cambio notifica aos

diferentes sindicatos con representación na Xunta de Persoal que está disposta a

tantes de todos os traballadores independentemente da súa afiliación sindical?

A CGT propuxo xunto con algún membro da CIG que os membros da Xunta de Persoal se pecharan no despacho da Delegada da Presidencia ata que nos recibira

Caso similar sucede co Delegado de Educación. Ao parecer, a falla de contacto con el débese ao mal que funcionamento do rexistro da delegación xa que os nosos compañeiros perden ou estravían os papeis, en palabras dos representantes da Administración.

Dende o Sindicato de Administración Pública da CGT pensamos que estes feitos veñen a confirmar o pitorreo con que a actual administración se toma as propostas que lle fai a Xunta de Persoal. Non é un caso isolado xa que actitudes similares se están a dar ante iguais peticións da Xunta de Persoal da provincia da Coruña.

Non obstante, o máis grave do asunto é actitude de gran parte dos nosos compañeiros na Xunta de Persoal. Uns en vez de formular propostas, débense en escisións e trifulcas internas

reunirse con eles, para tratar estes temas. Parece que hai que lembralle á Sra. Delegada que os diferentes sindicatos só representan aos seus afiliados e é a Xunta de Persoal o organismo de representación de todos e todas os e as traballadoras. Que pasa, que os compañeiros e compañeiras que van traballar no novo Edificio Administrativo de Pontevedra son todos e todas afiliadas a un sindicato? Porque non reunirse coa Xunta de Persoal, represen-

(CSIF), e o resto (UGT, CC.OO., CIG) propoñen que si non se admiten os nosos escritos se lle envíen escritos máis duros. Estamos bos. A CGT propuxo xunto con algún membro da CIG que os membros da Xunta de Persoal se pecharan no despacho da Delegada da Presidencia ata que nos recibira, pero lamentablemente a pro-

posta non foi nin votada “*para non dividir á Xunta de Persoal*”.

Quizás por deformación profesional, unha grande parte da actividade da Xunta de Persoal redúcese á elaboración de escritos e xa sabemos todos cal é unha das misións máis cotiáns do papel.

Os Edificios Intelixentes e as políticas de aforro.

Pouco queda para que se proceda ao traslado de todas as delegacións da Xunta ao novo edificio de Pontevedra e aínda que isto

Vigo parece que se van repetir no de Pontevedra co consentimento implícito da Administración. Un exemplo quizás paradigmático é o que



supoña unha mellora innegable en relación coa actual situación e condicións de traballo nos distintos centros por onde estabamos diseminados, tampouco hai que esquecer o precedente máis inmediato: o Edificio Administrativo de Vigo. Así algunhas das deficiencias máis salientables do edificio de

acontece cos chans no edificio de Vigo. Como a superficie empregada non é antideslizante, a solución non foi como parecería lóxico, obrigando previamente ao constructor a empregar outros materiais, senón, unha vez entregado o edificio, contratar a unha empresa para que tratara o

chan para non esvarar (unha boa xestión económica). Pois ben, segundo parece no novo Edificio Administrativo de Pontevedra acontecerá o mesmo, hai incluso quen asegura que responsables da Administración chegaron a afirmar que o que tiñan que facer tanto traballadores como usuarios era empregar calzado adecuado (impresionante).

Tampouco se pode asegurar que “*especiais condicións de traballo*” algúns compañeiros e compañeiras do Edificio Administrativo de Vigo non se repitan no novo edificio de Pontevedra. Oscilacións térmicas superiores a 8° C que fan rebasar habitualmente os máximos permitidos pola lei (máximos obxectivos, por si algún tiña dúbida) que unidas aos baixos niveis de humidade fan que os compañeiros/as do rexistro de Vigo sufran constantes descargas de electricidade estática (parece que os ordenadores non teñen toma de terra, polo que os

**SINDICATO DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA DE PONTEVEDRA.
Confederación Xeral do Traballo**

Federación Local de Vigo:
r/Urzaiz, 73, entrecán. Tlf. 986.43.14.76
Sindicato de Único de Pontevedra:
r/Pasantería 1, 5º. Tlf. 986.83.31.44
Sindicato de Oficios Varios de Vilagarcía:
r/ A Baldosa, 14 1º. Tlf. 986.50.94.71

Si queres contactar cos delegados na Xunta
de Persoal da CGT:
Carmen: 629.911.307
Isidro: 647.674.795
Tomé: 616.121.314

**Estamos na
web
www.cgtgalicia.org**



**Confederación
Xeral do
Traballo**

traballadores/as tiveron que argallar métodos caseiros para tentar sobrelevar esta situación, tal e como podedes ver na foto). Esta situación xa motivou denuncias por parte da CGT á Inspección de Traballo que ata o momento non deron o resultado agardado.

Agora se nos anuncia que o novo Edificio de Pontevedra é un *edificio case intelixente*, coa experiencia do de Vigo, hai que comezar a tremer, máis si os responsables do mesmo dan a calada ante as peticións da Xunta de Persoal por coñecer todos os temas que poden ser problemáticos. Parece que haberá que agardar a definitiva ocupación do edificio para propor as solucións aos hipotéticos problemas que poidan xurdir.

Tamén durante estes últimos meses asistidos a unha serie de campañas por parte de diversas institucións, tando estatais como galegas que preten-

cesionaria (nos que evidentemente hai que pagar). Por certo, con esto dos botellóns de auga hai situacións bastante curiosas, nalgúns centros de ensino



dían promocionar entre todos os/as cidadáns o aforro enerxético, non obstante, parece que destas iniciativas está excluída a propia administración galega, a non ser que consideremos como aforro enerxético a substitución en moitas delegacións dos botellóns de auga (gratuitos para todos) por máquinas dunha empresa con-

instaláronse na sala de profesores, mentras que as máquinas son empregadas polo alumnado e o persoal non docente. Aínda hai clases.

Estado especulador